

UN, DOUS, TRES, QUE VES?

Texto e ilustracións de **NADIA BUDE**

Adaptación de **XOSÉ BALLESTEROS**

Cartón duro a todo color. 22 x 17,5 cm. 18 páx. 10 €.

PREMIO DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL DE ALEMAÑA (2000)
PREMIO DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL DE OLDENBURG (2000)

Un, dous, tres, que ves? (galego)

ISBN 978-84-8464-391-3. Acartonados. Prelectores.

Uno, dos, tres, ¿qué ves? (castelán)

ISBN 978-84-8464-390-6. Acartonados. Prelectores.

Un, dos, tres, qui és? (catalán)

ISBN 978-84-16804-51-1. Cartró. Pre-lectors.

Bat, bi, hiru, txiru-hiru! (éuscaro)

ISBN 978-84-9172-048-5. Kartoizko orriak.

Uno, dous, tres, que ves?

Iago, Brais, Cristovo, lobo

grande, mediano, pequeniño, porquiño...

O tándem texto-ilustracións é a clave para que “Un, dous, tres, que ves?” se convirta nun dos libros favoritos dos primeiros lectores. A sucesión de personaxes que desfilan por estas páxinas en diferentes situacións, actitudes e con distintas aparencias, permite que as nenas e os nenos aprendan a recoñecer imaxes e palabras.

A rima, o ritmo e a musicalidade mantéñense de principio a fin, incluídas a portada e a contraportada. Ademais do xogo fonético, tamén destaca a estrutura, encadeada e facilmente recoñecible: cada conxunto de palabras remata coa introdución dun novo personaxe que dá pé á serie seguinte, e así sucesivamente.

Lobos e porquiños, ratos e coellos, gatos e cadelos, mouchos e osos son parte da fauna invitada a este divertido e disparatado encontro de amigas e amigos. O ton lúdico, o humor e o colorido dunhas orixinais ilustracións con trazos grosos contribúen ao atractivo da obra.

O formato, en cartón duro e cos cantos redondeados, está enfocado a que o público infantil se relacione intensamente co libro: que sexa manexable, que poida pasar as páxinas con facilidade, que o teña como un obxecto e mesmo un xoguete máis. “Un, dous, tres, que ves?” é unha proposta útil para apoiar a aprendizaxe dos primeiros lectores, a súa capacidade para comunicarse e desenvolver habilidades relacionadas coa psicomotricidade.



- **Temática:** descrición de personaxes.
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.
- **Aspectos destacables:** estrutura encadeada; texto rimado, ritmo, musicalidade, xogo fonético; animais; vocabulario; creatividade.
- **Avance do libro:**
https://issuu.com/kalandraka.com/docs/un-dous-tres-g_84e4343ec310f6

Nadia Budde

(Berlín, 1967)

Dedicábase á publicidade antes de comezar a súa formación na Escola de Artes Gráficas de Berlín e na Real Academia de Arte de Londres. “Un, dous, tres, que ves?” foi o seu primeiro álbum ilustrado, polo que recibiu varios recoñecementos. En Alemaña tamén foi distinguida cos premios Linx e Troisdorf, entre outros. As súas obras foron traducidas e publicadas en moitos países.

<http://www.nadiabudde.de>



www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com